

## NORMATIVA SOBRE A POSTA EN MARCHA E FUNCIONAMENTO DUN NOVO MEDIO DE PAGO: AS TARXETAS DE DÉBITO

### I.-EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os anticipos de caixa fixa son as provisións de fondos de carácter extraorzungamento e permanente que se fan nas contas dos diferentes Centros/Ámbitos para a atención inmediata e posterior aplicación ó orzamento de gastos (Resolución xerencial de 15 de xaneiro de 2013 da Universidade de Vigo pola que se aproban as normas de anticipos de caixa fixa). No art. 78 da Lei 47/2003 e o art 77 do Decreto lexislativo 1/1999, especifica que se trata de gastos periódicos ou repetitivos aplicables ao capítulo de gastos correntes en bens e servizos do orzamento do ano en que se realicen. Neste senso o art. 43 do Regulamento de réxime económico nomea as axudas de custo e locomoción, subministracións menores, conservación e material non inventariable.

Os medios de pago autorizados polo Regulamento de réxime económico (aprobado polo Claustro na súas sesión do 22 e 27 de novembro de 1995 son a transferencia, o cheque (en suposto xustificados) e o metálico (excepcionalmente). A Normativa da Uvigo de anticipos de caixa fixa establece os mesmos medios para a disposición dos fondos.

Debido ao avance das novas tecnoloxías, cada vez máis subministradores e prestadores de servizo utilizan as plataformas web para establecer relacións comerciais. Este feito obriga en determinados casos a contratar a través plataformas web, tales como asistencia a congresos, compra on line de determinado material funxible, no que o único medio de pago aceptado é mediante tarxeta.

O presente regulamento, ten por obxecto regular, a autorización como medio de pago as tarxetas de débito virtuais para realizar compras a través de internet naqueles contemplados nas normas de anticipos de caixa fixa ou nos que o único medio de pago admitido polo terceiro sexa mediante tarxeta de débito / crédito.

## 1.-Artigo 1: Concepto do medio de pago

O medio de pago que se autoriza mediante a presente normativa é a tarxeta de débito virtual, non física.

A tarxeta de débito virtual consiste nunha tarxeta non física que estará asociada á conta bancaria da Universidade de Vigo e que estará regulada polas mesmas medidas restritivas que as transferencias bancarias.

A Universidade de Vigo solicitará unha tarxeta de débito virtual para cada un dos administradores de ámbito.

O límite por operación diaria para esta tarxeta virá marcado, en orde por:

1º O límite de tesourería disponible en cada momento.

2º O límite marcado pola Resolución xerencial do 15 de xaneiro de 2013 da Universidade de Vigo pola que se aproban as normas de anticipos de caixa fixa ata o límite de 1.000€ en territorio nacional ou 6.000€ no estranxeiro.

3º Un límite máximo de 4.999,99€ por operación diaria. Este límite coincide coa facturación electrónica que pode rexistrar a Universidade no portal SEF.

As tarxetas de débito virtuais serán solicitadas a mesma entidade financeira onde estean depositadas as contas correntes de anticipos de cada ámbito.

Debido a posibles riscos de descertificación, non se poderá utilizar este medio para o pago de gastos asociados a proxectos de investigación ou finalistas agás autorización da Xerencia.

## Artigo 2: Finalidade

A finalidade da utilización das tarxetas bancarias de débito virtuais é a de poder fazer fronte a pagos en tendas virtuais (tipo Amazon) e aqueles pagos nos que o único medio de pago aceptado sexa por tarxeta sempre que se cumpran as limitacións detalladas no punto 1.

Se o terceiro provedor acepta como medio de pago a transferencia bancaria, esta será a primeira opción para realizar o pago. A tarxeta virtual únicamente será utilizada en casos indispensables.

Está prohibido utilizar a tarxeta virtual para retiradas de efectivo e gastos persoais dos propios usuarios fora das compras electrónicas, como por exemplo peaxes e comidas. De igual xeito está prohibido utilizar a tarxeta virtual para compras que estean financiadas con cargo a fondos finalistas externos.

Está prohibido ceder o uso da tarxeta virtual a outra persoa que non sexa o responsable da Caixa de Anticipos ou o seu suplente.

Calquera utilización que contradiga a presente instrución ou a normativa vixente de pagos por anticipos de caixa fixa conllevará a respectiva sanción cualificada como moi grave.

Para realizar un pago mediante tarxeta de débito virtual deberá xustificarse cal dos seguintes 3 motivos (recollidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria) sustenta a decisión:

- Cando non se coñeza o importe exacto ou que pola súa índole ou usos comerciais non se permita a xustificación previa ao pagamento.
- Cando os servizos e prestacións a que se refiran tivesen ou vaian ter lugar no estranxeiro.
- No caso de propostas de pago efectuadas para satisfacer gastos a realizar en localidade onde non exista dependencia do ministerio, organismo, entidade xestora ou servizo común de que se trate.

### Artigo 3: Funcionamento

Para o seu uso o procedemento a seguir será:

1-O usuario da tarxeta virtual comprobará que a única opción posible de pago por parte da Universidade de Vigo é a tarxeta de débito.

2-Crearase un pedido na plataforma de pedidos da Universidade de Vigo indicando no apartado de observacións internas que dito pedido será abonado mediante tarxeta de débito virtual. En todo momento deberase cumplir o establecido na normativa vixente de pedidos e xustificantes internos.

Non poderá realizarse o pago ata que o pedido estea en fase TRAMITADO e ter realizado un documento contable de Retención de Crédito ~~ou~~ RC.

3-Realizarase o pago introducindo os datos da tarxeta virtual na plataforma dixital do provedor.

4-Imprimirase unha copia do pago realizado ao igual que se fai coas transferencias bancarias. A súa vez haberá que descargar a factura a nome da Universidade de Vigo.

5-A xustificación e posterior reposición da conta de anticipos realizarase ao igual que ocorre coas transferencias bancarias.

6-Se a compra fose realizada nunha tenda on line que non emita facturación electrónica, o usuario debe imprimir a correspondente factura. Esta factura nunca poderá ser superior a 4.999,99€. No caso de facturas estranxeiras ou inferiores a 100€ estarase ao disposto sobre xustificantes internos e facturas estranxeiras.

7-O mesmo día do pago coa tarxeta virtual, procederase a gravar a factura en PDF no portal da Xunta de Galicia SEF, para converter a factura física en factura electrónica. No caso dos xustificantes internos e facturas estranxeiras estarase ao disposto na normativa interna vixente da Universidade.

8-Ao día seguinte a factura electrónica ou xustificante estará gravada no Xesticonta. Procede realizar no mesmo día o documento contable ADO/O.

9-O documento contable ADO/O de reposición debe enviarse no mesmo día o Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería, que continuará co procedemento, xa establecido, para a reposición de fondos na conta de anticipos.